



DISCURSO DO REITOR – Antonio López Díaz

SAN TOMÉ DE AQUINO 2023-2024

Facultade de Ciencias – 27.01.2023 – 12.00 h

Presidenta do Consello Social, Vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo, Vicerreitoras e Vicerreitores, Vicerreitora da Universidade de Tras os Montes e Alto Douro

Secretaria Xeral, Prof. Seijas, Xerente da USC, Ex reitores, Valedor da Comunidade universitaria. Delegado para o ensino medio,

Decanas e Decanos, Directoras e Directores de Departamentos, Institutos e Centros de investigación, membros do Consello de Goberno e do Consello Social

Alcaldesa de Lugo, Secretario Xeral de Universidades, Presidente da Deputación, Voceiro do grupo parlamentario socialista, voceiro do grupo parlamentario popular, Delegado Territorial da Xunta en Lugo, Presidenta da ACSUG.

Autoridades civís e militares, membros das forzas e corpos de seguridade.

Profesorado, persoal de administración e servizos, estudantes, donas e señores,

Grazas por acompañarnos un ano mais neste acto solemne da celebración de San Tomé dando continuidade á quenda rotatoria dos Centros deste Campus, tanto para albergar este acto como para outorgar a un dos seus profesores a responsabilidade de impartir a lección



maxistral que enche de contido académica este acto festivo.

O profesor Seijas ven de ilustrarnos coa súa lección maxistral que se enmarca perfectamente na aposta que a Universidade debe facer por liderar procesos de cambio e transformación social. Acabamos de escoitar como o desenvolvemento da química convencional, coas súas luces e as súas sombras, afronta unha nova etapa na que se debe abordar a sustentabilidade; sen deixar de cubrir as necesidades do presente non pode comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias. Para iso débese repensar o deseño, fabricación e utilización dos produtos e procesos químicos para facelos eficientes, eficaces, seguros e máis respectuosos co medio ambiente, abarcando os ámbitos económico, ambiental e social. Por iso diante da pregunta inicial que Química sostible sexa un pleonasma e nunca un oxímoron.

Atopámonos hoxe nesta Facultade de Ciencias, asentada neste edificio que é o mesmo, aínda que restaurado e ampliado, que acolleu o Colexio Universitario, xermolo mesmo dos estudos universitarios nesta cidade de Lugo, alo polo ano 1972. Cando acaban de cumprirse pois 50 anos dende ese momento inicial penso que é un bo momento para conmemorar eses fitos iniciais, pero tamén para valorar o proceso transformador e os resultados acadados nestes 50 anos de Universidade en Lugo, coa vista posta nos retos do futuro.

A Ley General de Educación de 1970, coñecida como lei Villar Palasí, á sazón ministro de educación, introduciu reformas estruturais na



conformación do ensino universitario. Aínda que despois dos acontecementos de 1968, o Ministro accedera convencido de que o problema da Universidade era político pronto se decatou dos grandes defectos do sistema educativo. Para ter un dato de cada 100 alumnos que iniciaban o ensino primario, so 5 superaban o preuniversitario e só 3 culminaban os estudos universitarios.

Neste contexto estrutúranse os novos estudos universitarios en 3 ciclos: Diplomatura, Licenciatura e Doutoramento e, dende o punto de vista organizativo as Facultades impartirían os tres ciclos, ao tempo que se creaban Escolas e Colexios Universitarios, que asumían unicamente os estudos de primeiro Ciclo, coa diferenza de que, mentres as Escolas expedían o título de Diplomado ao remate dos mesmos, os Colexios Universitarios, sendo responsables desa formación inicial, non tiñan atribuída a colación de ningún título.

É como consecuencia desta reforma educativa que xurde en 1972 o Colexio Universitario aquí en Lugo en 1972, radicado nestas mesmas instalacións nas que hoxe nos atopamos, e como consecuencia do compromiso e a petición expresa de dúas institucións (Deputación Provincial e Concello) que dende ese primeiro momento van converterse en peza clave para a conformación do campus universitario en Lugo, ao que se sumaría a partir dos anos 80 a Xunta de Galicia como administración responsable do ensino universitario no noso país. O Colexio Universitario asumiu desde ese primeiro momento o primeiro



ciclo dos estudos de Ciencias e tamén dos correspondentes as titulacións da área de humanidades, englobadas daquela baixo a denominación de Filosofía e Letras.

A outra panca esencial para a configuración dos estudos universitarios en Lugo foron as xa mencionadas Escolas Universitarias. A propia Lei contemplaba a transformación en universitarias das Escolas de Maxisterio, as de Enxeñería Técnica e as Profesionais de Comercio, entre outras. Aquí en Lugo existía unha Escola Normal de Maxisterio dende 1842, aínda que non se consolidara ata 1849, e con sucesivas denominacións e emprazamentos, unha Escola profesional de Comercio dende 1945 e a Escola de Enxeñería técnica agrícola dende 1963. A súa incorporación deu lugar as Escolas Universitarias de Formación do Profesorado de EXB, de Estudos empresarias, e de Enxeñería Técnica Agrícola. Deste xeito o colexio Universitario e estas tres Escolas foron as primeiras manifestacións da Universidade nesta cidade de Lugo.

Tiveron que pasar case 20 anos para dar outros dous pasos substanciais para avanzar na consolidación do campus e na configuración da súa orientación cara ó sector primario que vai ser un dos seus elementos distintivos e a clave da súa especialización.

Un deses paso foi a inauguración da Facultade de Veterinaria e os seus estudos en Lugo en 1991. Pero hai que remontarse un pouco antes, ao 17 de marzo de 1983, cando a Xunta de Goberno da Universidade decidiu por 12 votos contra 10 e 1 voto nulo que a Facultade de Veterinaria se



asentase en Lugo. Compre recordar que a Escola de Veterinaria estivo situada en Santiago entre 1882 e 1924, en boa medida grazas as xestións de Eugenio Montero Ríos, quen tamén presidira a colocación da primeira pedra para a construción do novo Edificio na rúa do Hórreo, que non se inauguraría ata 1915, e que hoxe é a sede do Parlamento de Galicia. Alí desenvolvéronse os estudos veterinarios ata 1924 en que o Directorio militar de Primo de Rivera decidira suprimir a titulación debido ao escaso número de alumnos. Xa as Deputacións galegas tiveran outra intervención determinante para evitar o peche dos estudos a finais do XIX pola mesma razón do escaso número de alumnos

Con estes precedentes ten mais mérito aínda que a Universidade decidira en 1983 radicar a nova Facultade en Lugo, no mesmo momento en que se discutía a estrutura de Campus da Universidade de Santiago, e na que se contemplaban tres campus: Santiago, Galicia interior (con sede en Lugo) e Galicia Sur costeira (Vigo). Mais aló da conexión evidente dos estudos de veterinaria coa importancia sector gandeiro na provincia, hai coincidencia en afirmar o papel determinante dun catalán afincado en Lugo dende 1898, Juan Rof Codina, e a súa aposta pola renovación da gandería galega, coa aplicación e divulgación de novidades zootécnicas e a posta en práctica de medidas de hixiene pecuaria para a mellora substancial do continxente gandeiro. Por todo iso o noso hospital veterinario e a Fundación que o xestiona levan o seu nome, e tamén a RAGC o distinguiu como científico galego deste ano 2022. E tampouco se pode deixar de mencionar unha vez mais o apoio institucional da Deputación provincial



responsable da cesión dos terreos e da construción da sede inaugurada en 1991.

O outro pilar moi determinante na configuración do perfil do campus foi a creación en 1993 da Escola Politécnica Superior, incorporando, ademais da Escola Universitaria de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas as Escolas técnicas Superiores de Enxeñeiros Agrónomos e de Montes creadas en 1989 e 1991 respectivamente. Engadíanse deste xeito os estudos relacionados co sector agrícola e forestal.

O proceso complementaríase coa creación das Facultades de Ciencias en 1991 e de Humanidades para albergar os estudos destas ramas de coñecemento impartidos no Colexio Universitario e coa conversión das Escolas de Formación do Profesorado e de estudos empresariais, en Facultades a raíz da implementación do plan Bolonia e coa conversión dos estudos de Diplomatura en Graos.

Se a estes centros propios engadimos as Escolas Adscritas de Relacións Laborais e Enfermería completaríase este campus no seu aspecto docente ao que é preciso engadir o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural, como instituto de Investigación de referencia, o Hospital Clínico Veterinario ROF Codina, complemento esencial dende o punto de vista asistencial e de docencia práctica, xuntamente coa Granxa Experimental Gaioso Castro.

Esta é a realidade construída entre todos nestes cincuenta anos: Estamos a falar dunha oferta de 16 graos, 3 dobres graos, 16 máster e 9 programas



de doutoramento , no que se atopan matriculados 4177 alumnos, un 10 % mais dos que tiñamos fai catro anos. Unha actividade investigadora crecente en procesos claros de estruturalización aproveitando as estruturas existentes e as que poidan resultar de procesos como a agrupación estratéxica biorredes, e con grandes potencialidades de transferencia, aproveitando plataformas como PEMADE no ámbito da madeira estrutural ou a Aula de Produtos Lácteos no sector alimentario.

E contamos para isto con 420 profesoras e profesores, dos que 347 son prazas estruturais que representan o 22% do profesorado total de USC, (cando o alumnado supón so o 15 % do total o que significa que teñamos un profesor por cada 10 alumnos en Lugo, mentres que en Compostela a ratio é de 1 profesor por cada 17. Pero aínda así sabemos que temos que seguir facendo unha aposta substancial para atender o reto do relevo xeracional do que tantas veces falamos. E así que nestes últimos catro anos creáronse 57 prazas de axudante doutor aquí en Lugo (un 27 % das 205 creadas en toda a Universidade).

Penso que podemos sentirnos lícitamente orgullosos de todo o feito ao longo destes 50 anos. A Universidade, contando co apoio decidido das institucións e do tecido empresarial e produtivo foi quen de conformar un campus que é xa unha peza esencial para a formación, pero tamén para o desenvolvemento da cidade, da provincia e de Galicia enteira, conectado como está con eixos básicos para o seu desenvolvemento.

Boa mostra dos méritos do feito foi o recoñecemento do Campus Terra



como campus de especialización, no marco da convocatoria aberta pola Consellería de Cultura, Educación, formación profesional e Universidades acadando, logo do proceso de avaliación a través acadando, logo do proceso de reflexión e avaliación externa, a máxima cualificación, e a duración do recoñecemento por un prazo de catro anos, con un importante apoio financeiro de 4 millóns de euros para este período,

Porque o recoñecemento valora o xa feito, pero mira tamén para o futuro trazando un plan de actuación para a consolidación deste Campus tal como se ten plasmado no protocolo, e tamén no convenio asinado para facelo efectivo.

Nesa folla de ruta apóstase pola consolidación do Campus Terra tanto na docencia como na investigación e na transferencia do coñecemento. Máis aló de compromisos máis xenéricos que teñen que ver co fortalecemento da gobernanza, que pasou polo nomeamento da Delegada do Reitor para o Campus, Terra, e pola reformulación das Comisións xa efectuadas, e polo impulso a promoción da imaxe e comunicación, temos asumido os seguintes retos:

Incremento do número de estudantes nun 10 % no prazo de dous anos, nas titulacións da especialización. Como adiantei os datos dos últimos anos son moi alentadores, debido en gran medida á redefinición da oferta docente levada a cabo coa incorporación de Robótica, Empresa e tecnoloxía, Bioquímica e xestión cultural. Pero ese proceso de análise e redefinición da oferta é un proceso sempre aberto, tanto pola evolución



dos coñecementos como pola mudanza das necesidades do mercado e as demandas do estudiantado. Temos aberto un proceso para a racionalización desa oferta, con transcendencia para o reparto dos fondos do plan de financiamento, que afecta a algunhas titulacións deste campus, e no que temos que traballar todos proactivamente, porque fronte a tentación de non cambiar nada, o que non é unha opción, debe prevalecer a indagación de novas titulacións que nos aliñen co interese dos futuros estudantes e tamén coas oportunidades de emprego, tanto no sector público como no privado.

Segundo reto: Aumento das teses defendidas no campus nun 15 %, para o que haberá que esforzarse en trasladar as bondades da investigación no Campus, facer atractiva a nosa oferta de doutoramento, insistindo nas oportunidades que as políticas de persoal abren para os futuros doutores.

Ligado ao anterior está a aposta por impulsar os contratados predoutorais nun 100 % e de posdoutorais nun 80 %, conscientes de que deben ser o paso inicial para o relevo xeracional do que xa falamos.

Outro reto: Afianzamento das estruturas e grupos de investigación, reducindo a atomización dos grupos, especialmente daqueles que non contan con persoal predoc ou posdoc, robustecendo o IBADER, e conformando novas fórmulas que dean continuidade a agrupación Biorredes, para converterse nun axente activo no Campus, ao tempo que se da resposta aos novos requirimentos a que debe someterse a actividade investigadora logo dos imperativos da reforma laboral. Ao



mesmo tempo é preciso mellorar os resultados da produción científica, incrementando as publicacións en revistas indexadas nun 5 % en 2 anos e 10 % en catro anos.

Como se pode ver, os obxectivos son ambiciosos e requiren o compromiso decidido de todos para a súa consecución. Dende o punto de vista financeiro, para a súa consecución imos contar, ademais de cos recursos propios da USC, cunha dotación de 4 millóns de euros (1 por ano) no marco do programa de campus de especialización, no que constitúe, sen dúbida, unha grande oportunidade de futuro para este Campus.

Dende o punto de vista das infraestruturas, esta mirada cara a diante lévanos a poñer a vista no Proxecto para integrar a Facultade de Formación do Profesorado fisicamente no Campus, a través dunha reforma estrutural moi importante e necesaria do actual Complexo Docente que alberga a Facultade de Humanidades e as Escolas de Enfermería e Relacións Laborais, e coa construción de un novo bloque que de resposta ó programa de necesidades do Centro, acaído cos requirimentos do proceso formativo de mestres adecuado aos nosos tempos e con vocación de futuro. Resolto o concurso de ideas, con unha proposta moi ilusionante, que onte mesmo foi presentado aos equipos directivos, e que na vindeira semana se dará a coñecer nos centros, entramos agora na fase de redacción do proxecto básico e de execución. Para facelo realidade contamos co compromiso da Xunta de Galicia, manifestado no protocolo asinado no seu día, e unha vez mais coa



xenerosa cesión demanial de varias parcelas, colindantes co Complexo docente e coa Avenida de Madrid. por parte de Deputación Provincial

Quixen aproveitar esta efeméride para, cando se cumpren 50 anos de Universidade en Lugo, recordar o pasado, agradecer o apoio institucional do que sempre gozamos, e que, logo do recoñecemento como campus de especialización pola Xunta de Galicia no 2021, neste pasado ano 2022 se materializou na concesión da medalla de ouro do concello, e na renovación da cesión demanial dos terreos e edificacións do campus, por parte da Deputación Provincial, e reiterar a aposta da Universidade por este campus e todo o que representa. Penso que podemos dicir que a Universidade nunca lle fallou a Lugo e pídolles que respectando a autonomía que nos é propia e garantida constitucionalmente, sigan confiando na Universidade e no seu compromiso con Lugo e a súa provincia. So dese xeito poderemos saldar a débeda de gratitude que mantemos coas institucións, pero sobre todo coa sociedade de Lugo e a súa provincia.

Como nos deixou dito Eleanor Roosevelt “Onte é historia, mañá é un misterio, hoxe é un regalo e por iso lle chamamos presente”. Polo tanto orgullosos do pasado, vivamos este presente construindo con ilusión o noso futuro.

DIXEN